



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Arca Carracedo, Iván
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Cidrás Pidre, José
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membrela Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
DECANOS/DIRECTORES:
Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luis
Iglesias Antelo, Beatriz
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Ortiz Torres, Luis
Percira Domínguez, Alejandro
Pérez Losada, Fermín E
Pousada Carballo, José María
Suárez Pazos, Mercedes
Sueiro Justel, Joaquín
Vidal Vázquez, Ricardo
PDI-A
Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Domínguez Martín, Jorge
Garriga Domínguez, Ana
Legido Soto, José Luis
Liz Marzán, Luis Manuel
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Martínez Insua, Ana Elina
ESTUDANTES
Álvarez Percira, Carmen Susana
Fariñas Valiña, Iago
Gómez Fernández, Sadoth
Puga Alonso, Javier
Riobó Fernández, Aida
Rios Curras, Moisés
Tourón Estevez, Sonia
Varela Martínez, Iago

PAS:

Bernal Gómez, Rosa
Mollinedo Lois, Carlos
CONSELLO SOCIAL:
Pérez Mato, Federico

DESCULPAN ASISTENCIA

Cruces Colado, Susana
López Atrio, María Laura

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 8 de outubro de dous mil oito, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O mércores, día 8 de outubro de 2008, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 23 de xullo de 2008.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e do procedemento de selección de profesorado contratado doutor con vinculación permanente na Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, de comisións de servizos.
5. Aprobación, se procede, de prazas a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.
6. Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite de solicitudes de avaliación curricular.
7. Aprobación, se procede, da normativa sobre profesores e PAS prexubilados.
8. Resolución do recurso de alzada presentado por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez.
9. Resolución do recurso de alzada presentado por Dna. Yolanda Herranz Pascual.
10. Resolución do recurso de alzada presentado por D. Fernando Ramallo Fernández.
11. Aprobación, se procede, da ampliación de prazos de presentación de másters de perfil investigador e de transformación do CAP.
12. Aprobación, se procede, da creación de cargos de I+D: Subdirector da Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética (ENERGYLAB).
13. Aprobación, se procede, da asignación de subvencións as fundacións/asociacións de interese para a Universidade de Vigo.
14. Aprobación, se procede, dos seguintes importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición.

15. Información de modificacións do orzamento mediante xeracións de crédito.
16. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do coro do campus universitario de Ourense.
17. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a cofinanciación do proxecto nanobiomed (consolider-ingenio 2010) – Addenda ao convenio específico de colaboración coa Universidade de Zaragoza relativa a distribución da terceira anualidade dos fondos do proxecto nanobiomed (consolider-ingenio 2010) – Convenio marco de colaboración co Instituto Universitario Asociación Cristiana de Jóvenes (Uruguai) – Convenio específico co Instituto Universitario Asociación Cristiana de Jóvenes (Uruguai) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración coa Universidade Nacional Autónoma de Nicaragua-León – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas para o desenvolvemento do proxecto “unidades de investigación intensiva” – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña polo que se modifica o convenio de 30 de xaneiro de 2001 para a creación do consorcio axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia – Convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o recoñecemento de créditos de libre elección por cursos de verán – Anexo ao convenio específico de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela relativo á distribución de fondos do programa de estruturación de unidades de investigación en humanidades e ciencias sociais – Convenio marco de colaboración coa Universidade Federal de São Paulo-Unifesp (Brasil).
18. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.
19. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (1 estudante), Comisión de Organización Académica e Profesorado (1 estudante) e Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (1 membro do Consello Social, 1 estudante e 1 PAS).
20. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 23 de xullo de 2008.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Traslada o reitor a información ao Consello de Goberno sobre os seguintes asuntos de interese:

1. En primeiro lugar, informa dos asuntos que foron tratados no Consejo de Universidades, celebrado o pasado 16 de setembro:

a) Por primeira vez dun xeito sistemático, presentouse o calendario legislativo que permitirá desenvolver a Lei Orgánica de Modificación da LOU, aprobada en abril de 2007. Os seus principais fitos son os seguintes:

- REXISTRO (de universidades e títulos): aprobación prevista para decembro de 2008.
- NOVO ESTATUTO PDI: borrador a finais de outubro e tramitación en decembro.
- NOVO ESTATUTO DO ESTUDANTE: borrador a debate en novembro.
- LEI DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA: creada a comisión que debe preparar o texto do anteproxecto desta lei. Sen data prevista de tramitación.

Existe o compromiso público de facer chegar o borrador de todos estes textos normativos ás universidades. En canto cheguen, se someterán a consulta pública e se tratará de que poida haber unha valoración institucional colexiada.

b) En segundo lugar, a Ministra de Ciencia e Tecnoloxía presentou as liñas básicas da estratexia UNIVERSIDADE 2015, liña preferente deste Ministerio para as universidades españolas na que, entre outros asuntos, preténdense abordar reformas de calado nos seguintes temas .

- Gobernanza das Universidades.
- Maior impacto dos criterios de competencia no marco dun novo modelo de financiamento.
- Creación dunha “Fundación para la Promoción Exterior del Sistema Universitario Español”, con incentivos á internacionalización.
- Novos incentivos á valorización de I+D.
- Incentivos tamén para a mellora dos valores ambientais.

Hai que agardar a coñecer cómo se concretan estas liñas estratéxicas, sobre todo nun dos temas, a gobernanza das universidades, que suscita maiores demandas de cambio. En todo caso, queda clara a vontade de diferenciar e definir obxectivos preferentes desde o goberno, o que marcará a capacidade futura das universidades de captar fondos nacionais para o seu financiamento. Por certo, ningún dos obxectivos nos que traballa o Ministerio resulta alleo ao plan estratéxico da Universidade de Vigo, pero agardase a coñecer máis detalles antes de considerar que se ten unha boa posición de partida.

c) Por último, presentouse tamén a iniciativa denominada CAMPUS DE EXCELENCIA INTERNACIONAL, un programa dotado con 150 millóns de euros en préstamos e destinado a financiar vivenda universitaria, instalacións deportivas e melloras na dotación de laboratorios. Non se coñece a letra pequena deste programa, pero o feito de que o seu respaldo financeiro sexa unha liña de préstamo réstalle de inicio parte do seu atractivo.

2. En segundo lugar, informa de que a finais da semana pasada finalizou a fase prevista de presentación de propostas de novos títulos de grao. Presentáronse as 24 propostas previstas, sen incidencias salientables. Os plans de estudo dos novos títulos de grao pasarán a continuación a exposición pública e, resolta esa fase de emenda, serán sometidos despois á avaliación do Consello de Goberno e Consello Social.

3. En terceiro lugar, informa brevemente do asunto do financiamento referido ao sistema universitario galego. Desde principios deste ano se ven traballando coas Consellerías de Economía e Educación da Xunta de Galicia nun novo plan de financiamento que puidese substituír desde 2009 ao plan aprobado en 2005 e con vixencia hasta 2010. A urxencia desta iniciativa tiña que ver, fundamentalmente, coa necesidade de incorporar financiamento adicional para tres aspectos pouco ou mal atendidos no plan de financiamento vixente: EEES, I+D e Contratos Programa.

A posición das universidades foi sempre a de demandar suplementos financeiros para estes asuntos, nos que as demandas dos últimos anos téñense multiplicado de xeito exponencial. Inicialmente, o diagnóstico e a posición do goberno autónomo foron coincidentes coas universidades, pero a aceleración da crise financeira internacional e da crise económica nacional nos últimos meses abortaron as previsións de acordo realizadas a principios de ano.

A última posición coñecida do goberno autónomo é facer unha achega suplementaria ao financiamento universitario para 2009 por importe de 15 millóns de euros e proseguir o traballo en comisión para tratar de aprobar un novo plan de financiamento dentro do primeiro semestre de 2009 e con efectos a partir de 2010. É dicir, adiantar un ano a caducidade do plan vixente e aprobar en 2010 un novo plan para o período 2010-2015.

Esta é a información que pode trasladar a día de hoxe sobre este tema. Por descontado, a Universidade de Vigo seguirá mantendo a súa disposición activa a participar nos traballos para elaborar un novo plan de financiamento canto antes, mellor no primeiro trimestre que no segundo de 2009.

4. Por Resolución de 16 de xullo de 2008, recibida por fax nesta universidade o día 21 de xullo de 2008, a Dirección General de Universidades informou de que o curso actual 2008-2009 será o último no que as universidades poderán seguir organizando as ensinanzas conducentes á obtención do Certificado de Aptitude Pedagóxica. A partir do curso 2009-2010, ditas ensinanzas poderán conducir á obtención do título de máster. En consecuencia, informa que o equipo de goberno fíxolle o encargo á profesora Dona Antonia Blanco de levar adiante os traballos de transformación do actual “CAP”, do que na actualidade é coordinadora, ao novo título de Máster de Formación para o Ensino Secundario.

Punto 3. Aprobación, se procede, da normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e do procedemento de selección de profesorado contratado doutor con vinculación permanente na Universidade de Vigo.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que a modificación da normativa dos concursos de acceso para os corpos docentes que se propón está motivada para dar cumprimento a LOU no referente á necesidade de que as probas inclúan a exposición dun proxecto docente e investigador, que na actual normativa non está previsto.

Establecida esta premisa, a normativa que se somete hoxe a debate neste Consello de Goberno baséase nos seguintes principios:

1. Facer cambios mínimos.
2. Manter, e incluso reforzar, a similitude que xa existe actualmente na mecánica dos concursos de acceso aos corpos docentes e nos concursos de provisión de prazas de contratado doutor. Por este motivo a proposta regula ambos concursos.
3. Simplificar os requisitos curriculares que deben cumprir os membros das comisións, aínda que mantendo certo nivel de esixencia para os mesmos.

Seguidamente resume as modificacións esenciais:

Corpos docentes universitarios.

1. Esíxese a presentación dun proxecto docente e investigador aos candidatos.
2. Amplíase a duración máxima das probas a dúas horas máis dúas de debate. Mínimo da exposición 30 minutos.
3. Modifícase a esixencia de sexenios do tribunal: CU con 2 sexenios para o presidente e un sexenio para o resto.
4. Desaparece o sorteo dos vocais e procédese do mesmo xeito que nas probas de contratado doutor (directamente coa proposta do departamento)
5. Aclárase o procedemento de votación.

Contratados doutores.

1. Esíxese a presentación dun proxecto docente e investigador aos candidatos.
2. Amplíase a máxima duración das probas a dúas horas máis dúas de debate. Mínimo da exposición 30 minutos.
3. Modifícase a esixencia de sexenios do tribunal: CU con 2 sexenios para o presidente e un sexenio para o resto (tamén para os contratados doutores que formen parte do tribunal).
4. Aclárase o procedemento de votación.

Engade que a normativa ten dúas disposicións transitorias. A primeira recolle o caso dos posibles concursos de acceso entre habilitados ao amparo da disposición transitoria primeira da modificación da LOU. A segunda pretende que as prazas xa comprometidas se rexan pola antiga norma. Ademais do caso reflectido no texto orixinal, a raíz dalgunhas consultas e suxestións recibidas, preténdese engadir o caso das prazas do programa especial de promoción e aquelas xa aprobadas na COAP, que están aínda pendentes de saída a concurso, tal como figura na folla de documentación que foi repartida hoxe.

O texto conta co informe favorable da asesoría xurídica e da COAP. A proposta foi tamén presentada e debatida cos comités de empresa e coa xunta de PDI funcionario. Sinala tamén que dende a reunión do día 23 de setembro non tivo máis noticias da xunta de PDI funcionario, pero tivo coñecemento dun correo electrónico enviado á comunidade esta noite pasada polo comité de empresa de Vigo, opoñéndose á normativa fundamentalmente por entender que os concursos de contratados doutores deben contar cunha normativa específica, a diferenza da aposta do equipo de tender a converxencia de ambos tipos de concursos. Por último, manifesta que tamén ten apoio do comité de empresa de Ourense, con solicitude de reconsiderar dous detalles menores, que mencionará ao longo do debate.

Intervén o Prof. Pereira para sinalar que a referencia á excepcionalidade no suposto da formación das comisións non ten sentido, pregunta tamén sobre se existe normativa marco posterior á LOU e pon de manifesto as consecuencias económicas que esta normativa terá para as áreas pequenas.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado responde que a referencia a excepcionalidade xa estaba recollida para os contratados doutores ante a dificultade de formar as comisións, pero non para os corpos docentes universitarios.

Manifesta o reitor que a excepcionalidade está bastante controlada porque a imposibilidade de cumprir o requisito é a nivel nacional.

Intervén o Prof. Ramos para sinalar que é a primeira vez que, con anterioridade á presentación dunha normativa sobre contratación de profesorado, o vicerreitor se reúne coa xunta de PDI e por iso lle mostra o seu agradecemento.

O Prof. Liz refírese á composición de tribunais a catedrático e considera que o requisito dos dous sexenios debería esixirse non só para o presidente da comisión senón para todos os membros do mesmo.

Debátese entre o prof. Liz e o vicerreitor sobre o tema e finalmente se pon de manifesto a conveniencia de que todos os membros da comisión teñan dous sexenios.

A Prof^a. Blanco felicita aos membros da COAP e ao vicerreitor polo traballo feito e, despois de advertir que xa non figura na normativa a necesidade de sorteo do tribunal proposto polo departamento, solicita a inclusión do mesmo para garantir a transparencia e evitar posibles recursos futuros, como se ten demostrado historicamente.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado responde que o motivo da exclusión do sorteo foi a idea de simplificar o procedemento, pero se poderían unificar os dous procedementos de contratación poñendo o sorteo para os dous.

O Prof. Mejuto sinala que a proposta do Prof. Liz parécelle acertada e sobre o sorteo considera que se de verdade se quere un, debería facerse entre todos os membros da área de que se trate que cumpran os requisitos curriculares, pero non entre os 6 propostos polo departamento. De optarse por esta segunda opción, o sorteo debe facelo o departamento e non a COAP.

O Prof. Berrocal, en relación coa proposta do Prof. Liz, considera que o requisito dos sexenios pode facer complicado en determinados ámbitos a constitución da comisión. Continúa sinalando que a normativa é unificadora e que cantas máis variantes existen máis agravios comparativos pode haber. Entende que, no relativo ao sorteo, a clave de todo é que previamente se ten superada unha acreditación e, polo tanto, a aparente subxectividade do sorteo non é tal porque o candidato xa está acreditado previamente. Polo tanto, entende que a normativa é mellorable pero está ben como está.

O Prof. Mejuto pregunta se, unha vez propostos os seis membros do tribunal polo departamento e feito o sorteo pola COAP, se é posible que o Consello de Goberno o cambie. E remata a súa intervención sinalando que isto é só unha intervención.

O reitor intervén para sinalar que cando hai varios candidatos acreditados no mesmo departamento, o feito do sorteo poder facilitarlle as cousas ao propio departamento.

Debátese sobre o tema entre o Prof. Berrocal, a Prof^a. Suárez, o Prof. Blanco e o reitor.

Intervén o Prof. Domínguez para por de manifesto a situación dos Ramón y Cajal e Parga Pondal que fan una carreira investigadora e, sen embargo, cando se presenten a unha praza de contratado doutor se lles vai pedir un proxecto docente e investigador.

Seguidamente o reitor, para poder clarexar como vai quedar o texto da normativa, fai un sondaxe entre os membros do Consello de Goberno sobre as dúas cuestión presentadas: en primeiro lugar, pregunta sobre a conveniencia de esixir dous sexenios a todos os membros das comisións xulgadoras das cátedras. O resultado é de ampla maioría a favor.

En segundo lugar, sobre o sorteo, propón tres alternativas: a) deixar a normativa como está, b) facer un sorteo pola COAP entre os membros que propoña o departamento, c) que sortee o departamento entre todos os membros da área que cumpran requisitos. O resultado é de ampla maioría para a opción b).

Estas dúas cuestións se reflectirán no art. 2: a existencia de dous sexenios para todos os membros das comisións xulgadoras de cátedras e que se faga sorteo pola COAP dos 6 membros propostos polo departamento.

Apróbase por asentimento o texto recollido no **anexo I**.

Punto 4. Aprobación, se procede, de comisións de servizos.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que se solicita prórroga por un ano da comisión de servizos pola Universidade de Alacante para o profesor titular de universidade da área de Dereito Penal D. Isidoro Blanco Cordero. Cóntase cos informes favorables do Consello de Departamento de Dereito Público e da COAP do pasado 25 de setembro de 2008.

Solicítase tamén comisión de servizos polo *Ministerio de Economía y Hacienda* para a profesora titular de universidade da área de Economía Aplicada Dna. Olga Cantó Sánchez para os efectos de desempeñar un posto no *Instituto de Estudios Fiscales*. Cóntase cos informes favorables do Consello de Departamento de Dereito Público e da COAP do pasado 22 de xullo de 2008.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, de prazas a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se solicitan as seguintes prazas:

Unha praza de profesor titular de universidade na área de Máquinas e Motores Térmicos (590) (Departamento T03 Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos). O profesor contratado doutor D. Jaime Sieres Atienza acadou a acreditación correspondente.

Unha praza de profesor titular de universidade na área de Tecnoloxía Electrónica (780) (Departamento T11 Tecnoloxía Electrónica). A profesora contratada doutora Dna. Loreto Rodríguez Pardo acadou a acreditación correspondente.

A COAP, reunida o 25 de setembro de 2008, informa favorablemente para as dúas prazas en cumprimento do artigo 17 do Regulamento de profesorado e do artigo 23 do Convenio colectivo do PDI contratado, que outorga aos profesores contratados doutores acreditados para profesor titular de universidade o dereito á transformación da súa praza, para o que e regulamentario a convocatoria dun concurso.

Solicítase tamén unha praza de catedrático de universidade na área de Inmunoloxía (566) (Departamento C03 Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía). A profesora titular de universidade Dna. África González Fernández acadou a acreditación correspondente.

Aínda que non existe unha regra que, de xeito xeral, estableza o dereito de transformación de prazas de profesor titular a outras de catedrático, a COAP, na súa reunión de 25 de setembro de 2008 informou favorablemente para este caso baseándose nos seguintes argumentos:

* O documento de política de I+D+i da Universidade de Vigo, discutido e aprobado no Claustro, establece como unha das liñas a seguir na reforma estatutaria para a promoción dos nosos investigadores, polo menos a promoción á cátedra para aqueles investigadores profesores titulares que posúan acreditación e tres sexenios.

* No caso particular da área de Inmunoloxía trataríase da primeira cátedra.

Para todas as prazas propostas, a COAP pon de manifesto que a actual normativa de concursos de acceso non cumpre cos requisitos da LOU polo que cómpre que se aplique a normativa xa aprobada, previo paso das propostas de Tribunal pola COAP, que podería ter delegación para realizar o sorteo, aprobar a proposta e proceder ao envío ao BOE das prazas, caso de ser aprobadas por este Consello de Goberno. En futuras prazas, o proceso podería consistir en que a COAP informe previamente acerca da praza e tamén do tribunal, para que unha vez aprobada en Consello de Goberno sexa remitida directamente ao BOE.

Intervén o Prof. Ramos indicando que se manifestou na COAP a inquietude ante a inexistencia de criterios para decidir cando se pode acordar a saída a concurso de prazas. Solicita por tanto que se traia este punto a debate.

O reitor sinala que existe un compromiso de traer un documento de profesorado e se está esperando un pouco máis para comprobar como se está a desenvolver o proceso de acreditación que pode ser moi clarificador para tomar una decisión sobre este tema. Polo momento, o único que está claro é o relativo ás prazas de cátedra ás que se refire o documento do I+D+i do Claustro.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Resolución dos recursos dealzada contra a non admisión a trámite de solicitudes de avaliación curricular.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que a COAP, na súas reunións do 22 de xullo e 25 de setembro, elaborou os informes que aparecen na documentación.

Infórmanse favorablemente os recursos presentados polos alumnos Noelia Caramés Coello, Antonio Magdalena Varela, Juan Manuel Vidal Boso e Rubén Souto Folgar. Os informes favorables susténtanse no feito de que a cualificación media dos estudantes na materia supera a nota de corte que a COAP establece en función da porcentaxe de aprobados da mesma nos derradeiros cinco cursos.

O informe desfavorable do recurso presentado pola alumna María Pata Lago ven motivado por non superar a dita nota de corte.

Apróbase por asentimento

Punto 7. Aprobación, se procede, da normativa sobre profesores e PAS prexubilados.

Ten solicitada intervención neste punto o Sr. Cebro.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen expón o contido básico da normativa. Sinala a maiores que co obxecto de non inducir a confusión coa denominación da normativa, propón un cambio na súa denominación que quedaría como: “Normativa sobre a concesión aos profesores e pas prexubilados de determinadas prestacións”.

Intervén a Sr^a. Bernal para sinalar que non se negociou nada co PAS sobre esta normativa e solicita que se retire a mención ao mesmo na normativa e sinala que o PAS quere negociar a prexubilación.

O Sr. Cebro sinala que o importante non é ter unha conta de correo electrónico nin a tarxeta universitaria, senón que con esta normativa queda clara a discriminación do PAS fronte ao PDI. Recorda que a xunta de persoal solicitou o 20 de maio de 2005 dereitos sociais que afecten ao conxunto do persoal da universidade. Solicita que se retire a mención ao PAS na normativa e que se apoie que na orde do día do próximo Consello de Goberno un acordo igual ao do PDI.

O Prof. Pereira pregunta se esta normativa foi negociada coa xunta de PDI.

A Secretaria Xeral resposta que se falou do tema co presidente da xunta de PDI e explica tamén que a razón da introdución deste punto foi a petición de varios profesores prexubilados que solicitaban estas medidas, que son de escasa entidade para a universidade pero que, sen embargo, son moi beneficiosas para o persoal. O feito de estender este beneficio ao PAS foi precisamente para non discriminar a ninguén.

Debátese sobre o tema entre o Sr. Cebro, o Prof. Vidal e o Prof. Legido.

Finalmente decídese que a normativa quede limitada ao PDI e que, en relación ao PAS, quede para unha negociación xeral.

Apróbase por asentimento o texto que consta no **anexo II**.

Punto 8. Resolución do recurso de alzada presentado por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez.

Ten sido invitado como interesado o Prof. Cerdeiriña.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen expón que se trata dun recurso presentado polo Prof. Cerdeiriña conta a decisión da xunta electoral da Facultade de Ciencias de Ourense de non proceder á celebración das eleccións da xunta de titulación de física, cando non aparecía excluída da convocatoria de eleccións realizada no seu momento.

En concreto os argumentos do recorrente son os seguintes: o 14 de abril de 2008 convócanse eleccións a PDI, alumnos e PAS na xunta de centro e xuntas de titulación da Facultade de Ciencias de Ourense. Dentro das datas establecidas no calendario electoral o recorrente presenta vinte e dúas candidaturas de alumnos á xunta de facultade e xunta de titulación de física, candidaturas, estas últimas, que foron rexeitadas pola xunta electoral ao considerar que os alumnos de dita xunta debían ser elixidos por e entre membros da xunta de facultade. Contra esa resolución se presenta novo recurso por parte do recorrente, procedendo a xunta electoral a súa desestimación por entender que non é persoa afectada por esa resolución.

A asesoría xurídica, despois de recabar informe da xunta electoral sobre os motivos da decisión adoptada, parte da consideración de que a convocatoria de eleccións é un acto válido en canto non está afectado por ningún vicio de nulidade e recoñece a lexitimación do Prof. Cerdeiriña para presentar reclamación á non admisión das candidaturas por parte da xunta electoral, en canto é a persoa que presentou as citadas candidaturas no seu momento.

En canto a negativa da celebración de eleccións á xunta de titulación de física, considera a asesoría xurídica que ao estar incluída na convocatoria de eleccións por ser unha titulación da Facultade de Ciencias de Ourense, non hai motivo que xustifique a negativa a súa celebración. Polo tanto, deben retrotraerse as actuacións ao momento en que aconteceu a irregularidade coa non admisión das candidaturas e a celebración das eleccións á xunta de titulación de física.

A proposta que se fai a este Consello de Goberno é a estimación do recurso presentado o que supón retrotraer o procedemento ao momento de inadmisión das candidaturas e a celebración das eleccións a xunta de titulación de física.

Intervén o Prof. Mejuto, que fala como decano da Facultade de Ciencias e non como membro do Consello de Goberno, e sinala que non existe normativa que determine como se elixen os membros da xunta de titulación, senón que simplemente nos Estatutos da universidade se indica que terán unha composición análoga á xunta de centro. Isto se ten respectado no centro e na xunta de titulación de física, está garantida a representatividade de todos os sectores. Por outro lado, no relativo á falta de interese do Prof. Cerdeiriña, engade que nin sequera é elector no procedemento electoral posto que é un membro nato.

O Prof. Cerdeiriña replica que si existe normativa para elección de membros na xunta de titulación e, no relativo a súa falta de interese no procedemento expón que si o ten porque se verá afectado se a xunta non ten a composición axeitada.

Intervén a Prof. Suárez para sinalar que no que se refire á constitución das xuntas de titulación, e pon como exemplo o seu centro, existe un censo para cada titulación e para cada sector, de xeito que en cada sector se elixe aos seus membros.

Debátese sobre o tema entre a Prof^a. Suárez e o Prof. Mejuto.

A secretaria xeral contesta de forma global a todos os intervinientes sinalando que o que se produciu foi un erro no procedemento electoral da xunta de titulación de física no momento no que a xunta electoral rexeitou as candidaturas á xunta de titulación, e non se trata dun problema de representatividade, que foi respectado en todo caso pola xunta de titulación. Trátase so dun erro de procedemento que afecta de nulidade a todo o que acontece despois dese momento. No que respecta ao interese do Prof. Cerdeiriña para recorrer sinala que a súa lexitimación ven da propia normativa electoral que lle permite presentar as candidaturas e, polo tanto, tamén recorrer o seu rexeitamento.

Procédese á votación sobre a estimación do recurso.

Feito o reconto o resultado foi o seguinte:

- Votos a favor da estimación: 35.
- Votos en contra da estimación: 0
- Abstencións: 3

Acórdase por maioría a estimación do recurso.

O Prof. Mejuto solicita que se investigue se en todas as xuntas de titulación se ten respectado o procedemento vixente.

Punto 9. Resolución do recurso dealzada presentado por D. Yolanda Herranz Pascual.

Teñen sido invitados como interesados a Prof^a. Herranz e o Prof. Loeck, director do Departamento de Escultura.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado pola Prof^a. Herránz contra o acordo do Consello de Departamento de Escultura celebrado o día 26 de xuño polo que se aproba a proposta de POD para o curso académico 2008/09.

O motivo do recurso é o desacordo coa asignación de docencia feita polo Consello de Departamento por entender que infrinxe os criterios previstos pola xurisprudencia de xerarquía entre os corpos docentes e antigüidade e os recollidos no art. 28 do Regulamento de réxime interno do Departamento de Escultura e os. Por todo isto, se solicita a nulidade dese acordo do Consello de Departamento.

O informe da asesoría xurídica, no que respecta á primeira argumentación, parte da consideración de que os criterios de categoría e antigüidade están recollidos na xurisprudencia pero non na normativa xeral da Universidade de Vigo, de tal xeito que estes criterios poden ser tomados en consideración, pero non se pode esquecer que é o Consello de Departamento o que ten competencia para fixar os criterios de distribución da docencia que considere mais axeitados.

No caso concreto do recurso, o Regulamento de réxime interno do Departamento de Escultura regula a distribución da docencia no seu artigo 28 no que se refire á distribución entre o persoal docente “de forma equitativa segundo as diferentes dedicacións, procurando a formación de equipos docentes eficientes e minimizando o número de profesores por materias e grupo”.

A este respecto, e fronte á segunda argumentación da recorrente, debe sinalarse que a equidade e a formación de equipos docentes son conceptos xurídicos indeterminados e corresponde ao propio Consello de Departamento interpretar estes conceptos tendo en conta as circunstancias do caso concreto. Por último, no que respecta ao criterio de minimizar o número de profesores que imparten algunhas materias, non se trata aquí dun motivo invalidante xuridicamente senón dunha discrepancia de oportunidade entre a recorrente e o Consello de Departamento que é o órgano soberano para tomar a decisión sobre qué número é o axeitado para impartir unha materia.

Este é o marco legal que resulta de aplicación para a elaboración do POD, que foi respectado polo Departamento de Escultura. Por isto a asesoría xurídica entende que debe ser desestimado o recurso presentado pola Prof^a. Herranz e esta é a proposta que se fai a este Consello de Goberno.

Intervén a Prof^a. Herranz para ratificarse no contido da súa reclamación.

O Prof. Loeck fai lectura dun escrito que se incorpora como **anexo III**.

Intervén o Prof. Barcia que, como membro do Consello de Departamento de Escultura, agradece primeiramente a intervención do Prof. Loeck clarexando a situación e destaca a elegancia das súas verbas ao non referirse ás alusións falsas que se conteñen no recurso sobre a actuación do director do departamento. A este respecto considera que tanto o director como a secretaria do departamento teñen actuado correctamente na asignación e organización da docencia, seguindo en todo caso o establecido no propio Regulamento de réxime interno do

Departamento de Escultura. Remata a súa intervención cunha observación sobre o que considera que debe ser un catedrático se queremos que a nosa universidade sexa moderna, flexible, profesional e con capacidade de adaptación aos cambios.

O Prof. Legido sinala que o problema do reparto da docencia é unha competencia do departamento e terá que facelo sempre que non lesione os intereses de ningún membro do mesmo. Agora ben, entende que para os casos conflictivos é necesario que exista unha norma da universidade.

A secretaria xeral intervén para sinalar que, sen entrar en cuestións persoais que trascenden o obxecto deste recurso, o departamento ten actuado correctamente de acordo coa legalidade vixente.

O reitor engade que, na liña do Prof. Legido, debería concretarse qué é un conflito ¿cando un profesor está en contra ou cando son varios?. Considera que tanto no POD deste ano do Departamento de Escultura como o do ano pasado eran respectuosos coa normativa vixente, de xeito que non hai un problema xurídico senón doutro tipo.

Procédese a votación sobre o recurso.

- Votos a favor da desestimación do recurso: 28.
- Votos en contra da desestimación: 7.
- Abstencións: 5.

Apróbase por maioría a desestimación do recurso.

Punto 10. Resolución do recurso dealzada presentado por D. Fernando Ramallo Fernández.

Ten sido invitado como interesado o Prof. Ramallo.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen expón que se trata dun recurso presentado contra o acordo da comisión de selección do programa especial de promoción do PDI de 1 de xullo de 2008 que acorda aprobar a saída a concurso de prazas de contratado doutor en determinadas área de coñecemento.

O motivo do recurso é a consideración por parte do recorrente de que a puntuación que se lle asigna, debidamente ponderada, supera a obtida por outros candidatos que figuran no acordo de adxudicación do plan especial de promoción do PDI. Por ese motivo solicita que se proceda á revisión da orde de prelación de candidatos beneficiados pola adxudicación e, en consecuencia, se conceda á Área de Lingüística Xeral a saída a concurso dunha praza de contratado doutor.

O informe de asesoría xurídica parte da consideración de que o acordo da comisión de selección do programa especial de PDI de 1 de xullo de 2008 que acorda a saída a concurso de prazas de contratado doutor en determinadas áreas de coñecemento, é un acto de trámite que non permite, de acordo coa Lei de réxime xurídico e procedemento administrativo común, a interposición directa dun recurso, de xeito que o interesado deberá agardar á

publicación do acto que pon fin a vía administrativa que é a resolución reitoral de saída a concurso de ditas prazas.

Polo tanto, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a inadmisión do recurso.

O Prof. Mejuto pregunta se o recorrente ten razón nas súas alegacións.

A secretaria xeral contesta que non se entrou no fondo do asunto e que neste momento o recorrente xa presentou o recurso debidamente ante o órgano competente e aí se examinará se ten ou no razón.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, da ampliación de prazos de presentación de másters de perfil investigador e de transformación do CAP.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que no relativo aos másters de perfil investigador, no Consello de Goberno de 11 de xuño de 2008, se acordou que o prazo para a elaboración e aprobación da memoria de plan de estudos era ata o 15 de outubro e a remisión da documentación ata o 23 de outubro. Antes as dificultades postas de manifesto polos coordinadores dos másters para a cumprimentación da memoria nun prazo tan curto, se propón a ampliación do prazo presentación ata o 31 de outubro e a remisión de documentación ata o 6 de novembro. O resto do prazos quedan igual.

Esta proposta de ampliación de calendario tamén se aplicará ao máster de transformación do CAP, tendo en conta que a resolución da Dirección Xeral de Universidades que establece a necesidade de transformación foi notificada á universidade o 22 de xullo, e é imposible facer todos o traballos necesarios tendo en conta a necesidade de coordinar as tres Universidades e a Consellería de Educación.

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Aprobación, se procede, da creación de cargos de I+D: Subdirector da Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética (ENERGYLAB).

Cédese a palabra ao vicerreitor de Planificación quen sinala que se trata dunha medida de apoio aos centros tecnolóxicos que teñen especial relación coa universidade, como se fixo con GRADIANT e agora se quere facer con ENERGYLAB. Neste caso, solicítase dende o padroado unha subdirección cunha desgravación docente de 12 créditos.

Apróbase por asentimento.

Punto 13. Aprobación, se procede, da asignación de subvencións as fundacións/asociacións de interese para a Universidade de Vigo.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen sinala que se trata de aprobar as asignacións que se recollen no **anexo IV** cos importes correspondentes. Ten informe favorable da Comisión de Planificación e Asuntos Económicos.

Apróbase por asentimento.

Punto 14. Aprobación, se procede, dos seguintes importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón o contido concreto dos importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición que se recollen no **anexo V** e que contan co informe favorable da Comisión de Economía.

Punto 15. Información de modificacións do orzamento mediante xeracións de crédito.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen informa, en cumprimento do art. 4 do normas de execución orzamentario do 2008 que establece que o xerente dará conta ao Consello de Goberno das xeracións de crédito realizadas ao abeiro de convenios ou resolucións de entidades públicas nos que o compromiso de ingreso se acredita mediante copia do convenio asinado ou da resolución. Para cumprir ese mandato se relacionan as modificacións no **anexo VI**.

Punto 16. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do coro do campus universitario de Ourense.

Cédese a palabra ao vicerreitor do Campus de Ourense quen sinala que o coro do campus leva varios anos actuando como un obradoiro e que chega o momento de que se consolide, de aí a presentación do Regulamento de réxime interno do coro universitario de campus de Ourense que se recolle no **anexo VII**.

Intervén o Sr. Fariñas para sinalar que habería sido axeitado que os membros do coro tiveran coñecemento do texto antes de traelo aquí por deferencia a eles.

O vicerreitor resposta que isto é competencia do director do coro.

Pregunta o Sr. Fariñas que supón esa cantidade simbólica que se debe pagar por actuacións do coro.

O vicerreitor resposta que normalmente o coro actuará gratuitamente, e a inclusión desa mención relativa á unha cantidade como di o texto simbólica deixa un marxe para que o decano o director do centro poda negociar con eles unha pequena compensación.

Apróbase por asentimento.

Punto 17. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a cofinanciación do proxecto nanobiomed (consolider-ingenio 2010) – Addenda ao convenio específico de colaboración coa Universidade de Zaragoza relativa a distribución da terceira anualidade dos fondos do proxecto nanobiomed (consolider-ingenio 2010) – Convenio marco de colaboración co Instituto Universitario Asociación Cristiana de Jóvenes (Uruguai) – Convenio específico co Instituto Universitario Asociación Cristiana de Jóvenes (Uruguai) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración coa Universidade Nacional Autónoma de Nicaragua-León – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas para o desenvolvemento do proxecto “unidades de investigación intensiva” – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña polo que se modifica o convenio de 30 de xaneiro de 2001 para a creación do consorcio axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia – Convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o recoñecemento de créditos de libre elección por cursos de verán – Anexo ao convenio específico de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela relativo á distribución de fondos do programa de estruturación de unidades de investigación en humanidades e ciencias sociais – Convenio marco de colaboración coa Universidade Federal de São Paulo-Unifesp (Brasil).

Apróbanse por asentimento.

Punto 18. Elección para cubrir unha praza vacante do sector estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.

Sinala a secretaria xeral que non hai candidatos presentados, polo tanto a praza queda vacante.

Punto 19. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (1 estudante), Comisión de Organización Académica e Profesorado (1 estudante) e Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (1 membro do Consello Social, 1 estudante e 1 PAS).

Tense presentado tantos candidatos como postos vacantes polo sector estudantes nas Comisións de Investigación, de Organización Académica e Profesorado e de Planificación e Asuntos Económicos, polo tanto, non é necesario facer votacións.

Os novos representantes de estudantes nas comisións son os seguintes:

- Comisión de Organización Académica e Profesorado: D^a. Sonia Tourón Estévez.
- Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: D^a. Aída Riobó Fernández.
- Comisión de Investigación: D. Moisés Ríos Currás.

●Quedan vacantes os postos do Consello Social e PAS na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos.

Punto 20. Rogos e preguntas.

O Prof. González Piñeiro sinala que a automatrícula non funcionou axeitadamente e algún alumno non se puido matricular porque despois faltaban sobres de matrícula.

Expón seguidamente que o problema relativo á extinción da titulación de Enxeñaría Industrial en setembro de 2009 é a necesidade de establecer un prazo para a lectura do proxecto de fin de carreira para os alumnos que aproben a última materia en setembro. Engade, a maiores, que ten solicitado listado de alumnos con 3 ou mais materias suspensas aos servizos informáticos pero teñen erros. Solicita que se lle dea solución a estes temas.

Debátese sobre o tema entre os profesores Mejuto e Pereira. Finalmente, a secretaria xeral sinala que se buscará unha solución que sexa respectuosa coa legalidade que impide que consten en acta actuacións posteriores á data de extinción do plan de estudos publicado no BOE.

A Prof^a. Suárez solicita que se cambie o criterio de desconto docente por coordinación de titulacións tendo en conta as especialidades de cada centro, porque o sistema actual de desconto de 6 créditos por título e 1,5 para os seguintes non é equilibrado. O mesmo prodúcese no caso de plans experimentais de adaptación ao EEES, posto que se concede unha bolsa a cada centro e sería necesario facer unha revisión de acordo coas circunstancias dos centros. Finalmente solicita que se axilicen ao máximo as matrículas dos másters para ter dispoñibilidade económica.

A vicerreitora de Economía responde que a matrícula pechou onte e o luns haberá unha reunión sobre o tema.

O Prof. Muñoz fai referencia a dúas cuestións, unha relativa á petición para que se inste ás autoridades competentes para a mellora da estrada que une o Alto de San Cosme e a circunvalación da universidade. A segunda, sobre os profesores que esgotaron o seu contrato Parga Pondal o 30 de setembro de 2008 e que non gañaron o plan de promoción, polo que se quedan fóra da universidade, sen que se lles dea ningún tipo de prórroga como a outros profesores da Universidade de Vigo. Considera que botar xente que cumpre obxectivos é un desperdicio de recursos.

Debátese sobre o tema entre o Prof. Muñoz e o reitor quen finalmente sinala que o Plan de promoción é competitivo e a esencia do mesmo é que gañen os mellores e os restantes queden fóra.

O Sr. Fariñas pregunta sobre a situación da valla de obra situada na residencia universitaria do campus de Ourense e a posibilidade de que se instale unha varanda.

O vicerreitor do campus de Ourense resposta que neste momento non é posible facer nada polo momento ata que se resolva o recurso presentado por parte dos propietarios do terreo anexo á residencia.

O Sr. Fariñas fai referencia ao aumento do número de alumnos estranxeiros no campus de Ourense e a necesidade de ter unha persoa no campus de Ourense estable e non só un labora.

O vicerreitor de Relacións Institucionais agradece a pregunta e sinala que xa se está traballando coa xerencia para resolver o problema non só no campus de Ourense, senón tamén en Pontevedra.

Por último, o Sr. Fariñas expón que na guía do estudante volve a haber só fotos co campus de Vigo.

O vicerreitor de Relacións Institucionais sinala que se tivo moito coidado na elaboración da guía, pero que se revisará de novo.

O Sr. Varela, fronte ao acontecido a principios de setembro co Club Financeiro de Vigo que fixo un comunicado sobre política lingüística, pregunta cal é a reacción a Universidade de Vigo.

O reitor contesta que cando se tivo noticia do comunicado chamouse o CFV para que se lle dera unha explicación, e se recibiu un escrito de desculpa alegando erros nas notas de prensa publicadas ao respecto. Propúxose polo reitor que se traballara coa universidade nun seminario científico sobre o tema porque este debe ser debatido con todas as referencias científicas. Espéranse noticias ao respecto e a maiores, a universidade, tamén porá en marcha as súas iniciativas.


O Prof. Mejuto fai un rogo chamando á reflexión sobre o que está pasando na universidade sobre determinados aspectos, posto que se pediu coordinación entre todos, colaboración co plan estratéxico para acadar viabilidade e, sen embargo, o que pasou no punto 8 da orde do día, vai en contra de todo iso, posto que unha persoa que non gañou as eleccións faino nos despachos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:50 horas do día 8 de outubro de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor

O reitor


Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral


Esther M. González Pillado